

TERMINOS 17. XUNO. 2015
APERTURA 19. XUNO. 2015

- b) Duración: 2 anos. Prórroga: 2 anos (1+1) (máximo de 4 anos).
- c) CNAE 2009: 56 servizos de comidas e bebidas.
- d) CPV: 64110-64320 55000000-0 Servizos de hostalería e restaurante.

3.-Tramitación, procedemento e criterios de adxudicación:

- Tramitación: ordinaria.
- Procedemento: aberto con varios criterios de adxudicación, de conformidade coa cláusula 12 dos pregos:
- Oferta económica- prezo: máximo 20 puntos, segundo o canon ofertado (Sobre C).
- Organización do servizo e plan de traballo: máximo 10 puntos, segundo o prego (Sobre B).

4.- Canon a satisfacer.- O adxudicatario deberá aboar a cantidade que por este concepto se fixe na adxudicación do contrato. Establécese a estes efectos un canon mínimo anual de mil douscentos (1.200) mais o iva correspondente, sen prexuízo das ofertas á alza dos licitadores. O pago do canon deberá realizarse ao concello con carácter trimestral.

5.- Garantías.-

Provisional: non se esixe.

Definitiva: 5% do importe da adxudicación, sen iva.

6.- Presentación de ofertas.-

- a) Data límite: 15 días naturais (contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo) de 9 a 15 horas.
- b) Documentación: a esixida nos pregos.
- c) Lugar: Rexistro Xeral Concello de Friol ou ,por calquera xeito dos previstos na lexislación de procedemento administrativo.

7.- Apertura de ofertas: según o disposto nos pregos de condicións.

8.- Obtención de información e documentación.-

- a) Concello de Friol.- Praza España s/n.-CP 27220.
- b) Teléfono.- 982 375001.- Fax.- 982 375206.
- c) web: www.concellodefriol.es (perfil do contratante)

Friol a 27 de maio de 2013. - O Alcalde, José Angel Santos Sánchez, Decreto Alcaldía 09.11.2012

R. 2281

LUGO

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 29 de abril de 2015, adoptou o acordo núm. 23/290 **DESISTENCIA DO PROCEDemento DE CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE INFORMACIÓN E DINAMIZACIÓN DOS CENTROS DE DINAMIZACION SOCIOCULTURAL SITOS NA ZONA RURAL, ESPAZOS PROPIEDAD DO CONCELLO DE LUGO E DIRIXIDOS ÁS VECIÑAS E VECIÑOS DAS ZONAS RURAIS DO CONCELLO DE LUGO. MODIFICACIÓN DO ACORDO NÚM. 15/187 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA OS EFECTOS DE CORRIXIR A CLÁUSULA CUARTA -PREZO DO CONTRATO- DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS. APERTURA DE NOVA LICITACIÓN.**

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

- a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.
- b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

2.- Obxecto do contrato.

a) **Descrición do obxecto:** É obxecto deste contrato a prestación dun servizo de información e dinamización dos centros de dinamización sociocultural propiedade do Concello de Lugo e sitios nas antigas escolas rurais (San Xoán do Campo, Calde, Coeses, Santiago de Saa , Santa Maria de Bóveda, Santa Comba e Rubiás).

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

- a) **Tramitación:** ordinaria
- b) **Procedimientto:** aberto

4.- Tipo de licitación: o prezo anual do contrato é de:

O valor estimado total do contrato, tendo en conta a posible prórroga é de 177.994,48 euros.

	total coste	IVE (10%)	total coste anual contrato
lote 1 San Xoan do Campo	16.850,04	1.685,00	18.535,04
lote 2 Calde	16.850,04	1.685,00	18.535,04
lote 3 Coeses	16.850,04	1.685,00	18.535,04
lote 4 Santiago de Saa	5.198,52	519,85	5.718,37
lote 5 Santa María de Boveda	16.850,04	1.685,00	18.535,04
lote 6 Santa Comba	9.347,44	934,74	10.282,18
lote 7 Rubiás	7.051,12	705,11	7.756,23
IMPORTE TOTAL 7 LOTES	88.997,24	8.899,72	97.896,96

5.- Garantías: definitiva 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE.

6. Condiciones especiales de execución:

Obtención de documentación e información.

a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.

c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Teléfonos:** (982) 29-73-01, 29-71-45.

e) **Telefax:** (982) 29-72-59.

f) **Dirección internet:** www.lugo.gal (perfil do contratante)

g) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) **Outros requisitos:** Os sinalados no prego de condicións

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) **Data límite de presentación:** O prazo de presentación de proposicións será de **quinze días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidirá en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula décima do prego de condicións.

c) **Lugar de presentación:**

1ª **Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos no prego de condicións.

2ª **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197

3ª **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

9.- Apertura das ofertas.

a) **Entidade:** Concello de Lugo

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) **Localidade:** Lugo

d) **Data:** ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

11.- Gastos dos anuncios: 157,30 euros que serán por conta do adxudicatario.

Lugo, 8 de maio de 2015.- O ALCALDE, P.D. TENENTA-ALCALDE DA AREA, (Decreto nº 13008312), Sonia Mendez García

R. 2238

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

Notificación de arquivo de expediente de apertura de actividade por desestimento do solicitante

De acordo co art. 59.5 da Lei 30/1992, notificase a dona María Aurora González Moreiras o seguinte ACORDO da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión celebrada o 30 de abril de 2015

"Primeiro. Declarar o desestimento da solicitante da solicitud de licenza de apertura de Peixería na Praza do Doutor Goyanes esquina coa Rúa doutor Casares, Dona María Aurora González Moreiras, ó transcorrer o prazo de subsanación de solicitud concedido conforme o artigo 71.1 da Lei 30/92 de 23 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, e ordenar o arquivo do expediente.

Segundo. Notificar o presente acordo aos interesados xunto cos recursos que procedan."

O que lle comunico para o seu coñecemento e efectos procedentes.

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, ante o órgano que ditou a resolución, de conformidade cos artigos 116 e 117 da Lei 30/92 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso- Administrativa. Se optase por interpoñer recurso de reposición potestativo non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto ou se produza a súa desestimación por silencio."

Monforte de Lemos, 27 de maio de 2015.- O Alcalde, Severino Rodríguez Díaz.

R. 2239

NEGUEIRA DE MUÑIZ

Anuncio

Apertura de prazo para a presentación de solicitudes para Xuíz de Paz Titular do Concello de Negueira de Muñiz.

Aquelas persoas interesadas que reúnan as condicións legais establecidas na Lei Orgánica do Poder Xudicial 6/85 de 1 de Xullo, poden presentar solicitud para a provisión de Xuíz de Paz titular.

Á solicitud unirase a documentación seguinte:

- 1 Certificación de nacemento ou fotocopia autenticada do D.N.I
- 2 Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes e declaración complementaria a que fai referencia o artigo 2 da Lei 68/1980.
- 3 Xustificación de méritos que alega o solicitante.

A solicitud e documentación mencionadas deberán ser presentadas nas oficinas municipais durante o prazo de quince días hábiles a partir do seguinte ó da publicación deste edicto no B.O.P.

O que se fai publico para xeral coñecemento e efectos.

Negueira de Muñiz a 22 de Mayo de 2015.- O Alcalde, José Manuel Braña Pereda

R. 2240

O PÁRAMO

Anuncio

Formulada y rendida la Cuenta General del Presupuesto de este Ayuntamiento correspondiente al Ejercicio Económico 2014, e informada por la Comisión de Cuentas, se expone al público 15 días hábiles, contados desde el siguiente al de las publicación de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia, al objeto de que los interesados puedan examinarla y formular por escrito, durante dicho plazo de exposición y los 8 días siguientes, las reclamaciones y observaciones que estimen oportunas.